

*DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE:*

1. – Certificación de nacemento, DNI ou fotocopia cotexada.
  2. – Certificado expedido polo Rexistro de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria referente a si se encontra inculcado ou procesado (art. 2, número 1,a) da Lei 68/1980.
  3. – Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- Forcarei, 15 de febreiro de 2012. – A Alcaldesa, Belén Cachafeiro Anta. **2012001834**

\* \* \*

## O GROVE

### A N U N C I O

Aprobado definitivamente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 2011 o **REGULAMENTO DO VOLUNTARIADO MUNICIPAL DO CONCELLO DO GROVE**, publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e o regulamento aprobado pódese interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

#### **REGULAMENTO DO VOLUNTARIADO MUNICIPAL DO ILMO. CONCELLO DO GROVE**

##### *ARTIGO 1.º. ÁMBITO DE APLICACIÓN*

O presente regulamento seralles de aplicación aos programas, proxectos ou actuacións do voluntariado que promova e desenvolva directamente o Concello do Grove e se realicen no termo municipal.

Quedan excluídas, polo tanto, do seu ámbito de aplicación os programas, proxectos ou actuacións do voluntariado desenvolvidos por outras organizacións públicas ou privadas, aínda que fosen promovidos ou financiados, total ou parcialmente, polo Concello.

##### *ARTIGO 2.º. DEFINICIÓN DO VOLUNTARIADO MUNICIPAL*

2.1. Entendese por voluntariado municipal, para os efectos do presente regulamento, o conxunto de actividades de interese xeral, desenvolvidas polas persoas físicas no ámbito territorial do municipio, sempre que estas accións non se realicen en virtude dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou calquera outra retribuída e reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan carácter altruísta, desinteresado e solidario.
- b) Que a súa realización sexa libre, non motivada por ningún tipo de obriga persoal ou deber xurídico.
- c) Que non comporten contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que as ditas actividades voluntarias ocasionen.
- d) Que sexan desenvolvidas sobre todo por organizacións privadas sen ánimo de lucro pero tamén por institucións públicas e se axusten a programas ou proxectos concretos de colaboración.

2.2. Quedan excluídas, polo tanto, as actuacións voluntarias illadas ou esporádicas, prestadas con carácter individual e executadas por razóns familiares, de amizade ou veciñais.

2.3. A actividade do voluntariado non poderá en ningún caso substituír o traballo retribuído.

*ARTIGO 3.º. FUNCÍONS DOS/AS VOLUNTARIOS/AS*

3.1. A actuación das persoas voluntarias enmárcanse no ámbito da acción voluntaria realizada nos proxectos e actividades desenvolvidos no municipio.

3.2. As funcións dos/das voluntarios/as no marco da institución municipal concréntanse da forma seguinte:

- a) Participación no deseño e avaliación dos proxectos e/ou as actuacións nas que se incorpore.
- b) Participación no deseño e/ou divulgación das campañas que se poñan en marcha, relacionados co voluntariado.
- c) Realización das actividades propias dos proxectos aos que está adscrito/a.

3.3. Os servizos previstos dentro do programa desenvolveranse principalmente nas seguintes áreas organizadas e coordinadas polo Concello do Grove, sen prexuízo das reflectidas no artigo 4 da Lei 3/2000, do 28 de decembro, do voluntariado:

- a) servizos sociais
- b) saúde
- c) consumo
- d) protección civil
- e) medio ambiente
- f) cultura e educación
- g) xuventude e deportes
- h) ocio e tempo libre

*ARTIGO 4.º. DEREITOS E DEBERES DOS/AS VOLUNTARIOS/AS*

O/a voluntario/a ten os seguintes dereitos e obrigas:

*4.1. Dereitos dos/as voluntarios/as*

- a) Recibir, tanto con carácter inicial como permanente, a información, formación, orientación, apoio e, de ser o caso, os medios necesarios para o exercicio das funcións que se lle asignen.
- b) Ser tratados/as sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- c) Participar activamente no proxecto ao que estea vinculado/a, colaborando na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas, de acordo cós seus estatutos ou normas de aplicación.
- d) Estar asegurado/a contra os riscos de accidente e enfermidade derivados directamente do exercicio da actividade voluntaria, coas características e polos capitais asegurados que se establezan regulamentariamente.
- e) Reembolsarlles os gastos legalmente autorizados no cumprimento da acción voluntaria.
- f) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a municipal.
- g) Realizar a súa actividade en condicións de seguridade e hixiene en función das características de aquela.
- h) Ser recoñecidos/as polo valor social da súa contribución, debendo obter certificado polo valor social da súa contribución, podendo obter certificación acreditativa do labor realizado.
- i) Obter o troco de proxecto, actividade ou beneficiario asignado, sempre que sexa posible e existisen causas xustificadas que o aconsellen para a mellor execución da súa actividade.
- j) Rescindir o compromiso, sempre se que se faga coa debida antelación e por algunha das causas previstas no acordo de incorporación.

- k) Os/as participantes, de forma individual e en función das colaboracións realizadas e das disponibilidades existentes en cada momento, poderán beneficiarse dunha distinción e consideración especial á hora de acceder a actividades culturais, musicais e deportivas que organice o Concello do Grove e que poidan supoñer un custo económico.
- l) O/a “VOLUNTARIO/A MUNICIPAL”, poderá requirir a expedición do correspondente certificado que acredite os servizos prestados.
- m) O “VOLUNTARIADO MUNICIPAL”, terá dereito a todas as prestacións e beneficios que a normativa incorpore ou lle asigne a este colectivo.

#### 4.2. Deberes dos/as voluntarios/as

- a) Cumprir os compromisos adquiridos cos proxectos e, de ser o caso, coas organizacións nas que se integren.
- b) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida no desenrolo da súa actividade voluntaria.
- c) Rexeitar calquera contraprestación económica que poida recibir tanto do/a beneficiario/a como doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- d) Respetar os dereitos dos/as beneficiarios/as da súa acción voluntaria.
- e) Participar nas actividades formativas previstas, así como as que con carácter permanente se precisen para manter a calidade dos servizos que presten.
- f) Seguir as indicacións adecuadas aos fins previstos no desenvolvemento das actividades encomendadas.
- g) Utilizar debidamente a acreditación e distintivos da organización.
- h) Respetar e coidar os recursos que poñan á súa disposición.
- i) Participar na avaliación dos proxectos e actividades relacionadas coa súa tarefa.
- j) O/a “VOLUNTARIO/A MUNICIPAL”, á hora de realizar calquera actividade para a que fora asignado, levará de forma visible un distintivo especial que será identificativo do programa e equipamento que se estableza en cada momento. Ademais disporá dun carné e dun diario no que se irán reflectindo as colaboracións realizadas e que permitirá acceder aos beneficios que como voluntario/a puidese adquirir.

#### ARTIGO 5.º. OBRIGAS DA ENTIDADE RESPONSABLE DOS PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

O Concello do Grove estará obrigado a:

- a) Realizar a necesaria consignación orzamentaria para levar a cabo o obxecto deste regulamento con cargo á partida orzamentaria correspondente.
- b) O/a “VOLUNTARIO/A MUNICIPAL”, ben individualmente ou en grupo, disporá dunha persoa do Concello do Grove responsable da actividade que en cada momento se desenvolva (concelleiro, técnico, policía, operario municipal...) e o soporte técnico e material necesario para desenvolver a actividade.
- c) Adoptar as necesarias medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento deste tipo de actividades.
- d) O Concello do Grove creará un rexistro de voluntariado e as disponibilidades e áreas nas que o voluntario participe, en función das necesidades, peticións e aptitudes de cada persoa.
- f) Acreditar a subscripción da póliza de seguros á que se refire o apartado 4 do artigo seguinte.
- g) Proporcionarlle ao voluntario/a a formación, a información e os medios necesarios para o correcto desenvolvemento das súas actividades.
- h) O Concello do Grove comprométese a buscar doutras entidades públicas ou privadas as axudas e as colaboracións necesarias en beneficio do voluntario/a.

*ARTIGO 6.º. ORGANIZACIÓN DO VOLUNTARIADO MUNICIPAL**6.1 Requisitos das persoas voluntarias*

Poderán ser voluntarios/as e incorporarse como tales todas aquelas persoas físicas maiores de idade e as menores (a partir de 16 anos) debidamente autorizadas polos seus pais ou titores, que cumpran os requisitos de acceso pertinentes, nos que se especifiquen a dispoñibilidade horaria, o perfil persoal, así como coñecementos e a formación necesaria das persoas que queiran participar en programas de voluntariado.

*6.2 Da súa incorporación*

- a) A incorporación do voluntario/a ao programa farase sempre en virtude da solicitude do/a interesado/a.
- b) O servizo municipal responsable do programa fará a valoración oportuna ao obxecto de asignar os proxectos máis adecuados, axuntando o perfil do/a voluntario/a ás necesidades propias de cada proxecto.
- c) A incorporación vai vinculada a un acordo no que se establezan, entre outras cousas, as funcións e o tempo de duración (ANEXO).

*6.3 Da acreditación*

- a) Os/as voluntarios/as disporán dos distintivos que acrediten a súa condición.
- b) A proposta do servizo municipal responsable do programa, o órgano competente realizará o nomeamento do/a voluntario/a municipal.
- c) Posteriormente, librarase a acreditación persoal. Esta acreditación devolveráselle ao Concello ao termo da acción voluntaria, quedando anulados todos os seus efectos.
- d) Os dereitos que puidese adquirir o/a “VOLUNTARIO/A MUNICIPAL” serán únicos e individuais para a persoa titular do carné, e non poderán ser transferibles a terceiras persoas.

*6.4 Do seguro*

O Concello do Grove está obrigado a realizar un seguro específico para os /as participantes no programa que incluíra garantías por asistencia médica, enfermidade, accidentes e responsabilidades civís que poidan derivarse da súa actuación fronte a terceiras persoas. O/a “VOLUNTARIO/A MUNICIPAL” terá dereito, en todo momento e de forma nominal, á alta no dito seguro e ao coñecemento e contidos deste durante o tempo que desenvolva a súa colaboración.

*6.5 Das baixas do programa*

- a) A relación de colaboración voluntaria co programa de voluntariado municipal finalizará a petición propia, por declaración de incapacidade ou estar inhabilitado/a para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme, por exclusión do programa por decisión motivada do Concello do Grove ou pola perda de calquera requisito de acceso á incorporación de voluntario/a.
- b) Acordada e notificada a baixa ao/á interesado/a, procederase ao reintegro da acreditación.
- c) En todo caso, librarase, a petición previa do/a interesado/a, un documento no que consten os servizos prestados e a causa pola que se acorda a baixa.

*6.6 Mecanismos de control*

- a) O servizo responsable do programa de voluntariado municipal levará a termo o seguimento e a avaliación da acción voluntaria.
- b) No caso de incumprimento dos deberes adquiridos no acordo de incorporación e en especial daquilo que fai referencia á atención dos/as beneficiarios/as dos proxectos, poderase sancionar a conduta do/a voluntario/a e, se é o caso, excluílo/a do programa, logo do correspondente procedemento e de forma motivada, sempre que incorra nalgunha das causas previstas neste artigo.



- c) O Concello do Grove manterá as reunións que sexa preciso realizar co obxecto de informar o/a "VOLUNTARIO/A MUNICIPAL". Tamén será así cando o solicite polo menos o 25% do voluntariado activo na data de solicitude e de forma individual cando así o Concello do Grove o considere oportuno.

**ARTIGO 7.º. FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO**

Co obxecto de conseguir que a acción voluntaria poida ser de calidade, levaranse a cabo accións formativas en tres liñas de actuación:

- a) cursos de formación básica
- b) cursos de formación específica
- c) outras actividades: conferencias, talleres etc.

**ARTIGO 8.º. ENTRADA EN VIGOR**

O presente regulamento entrará en vigor logo de que se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, tal e como se sinala no artigo 70.2 desta.

**A N E X O****DOCUMENTACIÓN DE COMPROMISO ENTRE O ILMO. CONCELLO DO GROVE  
E A PERSOA VOLUNTARIA CONCERTADO POR:**

Dunha parte, o Concello do Grove, con CIF P3602200B e co núm. de rexistro;....., e no seu nome e representación, D./D.<sup>a</sup>....., en calidade de alcalde-presidente (en adiante "A ENTIDADE").

Doutra parte, D./D.<sup>a</sup>....., con DNI núm. ...., número de póliza de seguro ....., veciño/a de....., con domicilio en ..... núm. ...., localidade ..... (en adiante "A PERSOA VOLUNTARIA").

**M A N I F E S T A N :**

I. A ENTIDADE está interesada en fomentar a participación dos/das cidadáns/ás na prevención resolución dos problemas locais en materia de servizos sociais, saúde, protección civil, medio ambiente, educación, cultura, ocio e tempo libre, consumo, defensa dos dereitos humanos, xuventude, cooperación internacional, defensa e fomento da economía e calquera outra que responda aos obxectivos e fins dos municipios, no marco das competencias que legalmente establecen.

Para a consecución deses fins, A ENTIDADE estableceu programas de voluntariado.

II. A PERSOA VOLUNTARIA está interesada en colaborar de maneira altruísta no marco dalgún dos programas de voluntariado da ENTIDADE.

III. Para formalizar as relacións que ambas as dúas partes queren entaboar, dando cumprimento o disposto no artigo 11 da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia (DOG do 28 de decembro de 2000), é polo que se realiza o presente ACORDO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes:

**C L Á U S U L A S****Primeira. Carácter altruísta da relacións:**

A colaboración que preste a PERSOA VOLUNTARIA en calquera dos programas da ENTIDADE terá un carácter totalmente altruísta e gratuíto, sen que perciba ningún tipo de salario, honorarios, prima, axudas de custo ou calquera outra contraprestación de carácter retributivo.

En ningún caso poderá tratarse, en consecuencia, dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou calquera outra retribuída.

### *Segunda. Dereitos e deberes da persoa voluntaria*

1. A PERSOA VOLUNTARIA ten os seguintes dereitos:

- a) Recibir orientación, formación e apoio necesarios para o exercicio da súa actividade.
- b) Ser tratada sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- c) Participar activamente na ENTIDADE, de acordo cos seus estatutos e normas de actuación.
- d) Estar asegurada polos riscos que poidan derivar do exercicio da actividade voluntaria.
- e) Ser reembolsada dos gastos que realice no desenvolvemento das súas actividades.
- f) Dispor dunha acreditación que a identifique como voluntaria.
- g) Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- h) Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de voluntariado.
- i) Cesar libremente na cúa condición de persoa voluntaria.

2. A PERSOA VOLUNTARIA ten as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os compromisos adquiridos coa ENTIDADE, respectando os seus fins e normativa.
- b) Gardar confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- c) Rexeitar calquera contraprestación material que puidese recibir, ben do beneficiario, ben doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- d) Respectar os dereitos dos/as beneficiarios/as da súa actividade voluntaria. Actuar de forma dilixente e solidaria.
- e) Participar en tarefas formativas previstas pola ENTIDADE, tanto específicas da actividade voluntaria, como xerais sobre o voluntariado.
- f) Seguir as instrucións axeitadas aos fins da acción, impartidas no desenvolvemento das actividades encomendadas.
- g) Utilizar debidamente a acreditación e distintivos da ENTIDADE.
- h) Respectar e coidar os recursos materiais que poña á súa disposición A ENTIDADE.

### *Terceira. Deberes da Entidade*

A ENTIDADE comprométese coa persoa voluntaria a:

- a) Cumprir os compromisos adquiridos neste acordo.
- b) Subscribir unha póliza de seguro que cubra os riscos derivados da acción do voluntariado, tanto a responsabilidade civil como os accidentes.
- c) Cubrir os gastos derivados da prestación de servizo e dotar as persoas voluntarias dos medios adecuados para o cumprimento dos seus cometidos.
- d) Establecer os sistemas internos de información e orientación axeitados para a realización das tarefas que lle sexan encomendadas ao/á voluntario/a.
- e) Proporcionarlle a formación específica e a orientación necesaria para a súa actividade.
- f) Garantirlle a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- g) Facilitarlle unha acreditación que o/a habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- h) Expedirlle un certificado que acredite os servizos prestados.

*Cuarta. Contido das funcións e actividades da persoa voluntaria*

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración nas seguintes actividades da ENTIDADE:

1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_
4. \_\_\_\_\_
5. \_\_\_\_\_
6. \_\_\_\_\_
7. \_\_\_\_\_
8. \_\_\_\_\_
9. \_\_\_\_\_
10. \_\_\_\_\_

*Quinta. Tempo de dedicación que se compromete a realizar A PERSOA VOLUNTARIA:*

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración durante \_\_\_\_\_ horas semanais.

*Sexta. Proceso de formación requirido*

A formación específica requirida para a realización do servizo no que A PERSOA VOLUNTARIA vai colaborar é a seguinte: \_\_\_\_\_

A PERSOA VOLUNTARIA xa dispón desa formación requirida ou A PERSOA VOLUNTARIA adquirirá a formación necesaria dentro da ENTIDADE, asistindo aos cursos e/ou actividades que esta vaia establecendo.

*Sétima. Duración do compromiso*

O presente acordo terá unha duración indefinida.

Calquera das partes poderá deixalo sen efectos, debéndolle comunicar a súa decisión á outra parte cunha antelación suficiente, segundo o tipo de colaboración que se estea a prestar e, en todo caso, de forma que non supoña prexuízo para o que recibe a comunicación.

*Oitava*

Para o non previsto no texto do acordo rexerá a Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

E, en proba de conformidade, asinan este acordo ambas as partes intervinientes en \_\_\_\_\_, o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_ Asdo.: \_\_\_\_\_

O Grove, 15 de febreiro de 2012. — O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

**2012001922**

\* \* \*